

CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE SERVIZOS XESTIONADOS POLA ANPA CURSO 2019/2020

Recordatorio: Xornadas de portas abertas das A.A.E.E. do 3º trimestre: Terán lugar no Centro entre os días 3 e 7 de xuño de 2019 no seu horario habitual (16:30h a 17:45h), agás piscina que será o 14 de xuño de 18:30h a 19:10h, na piscina da Barcala

1. SOBRE AS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E ALTA DE SOCIOS NA ANPA 2019/20

Estimadas familias, dende a ANPA, aproveitamos para saudarvos e informarvos dos seguintes puntos de cara o próximo curso:

- Informámosvos de que este ano, a fin de atender todas as vosas demandas e peticións, solicitamos que o conxunto das familias usuarias dos servizos xestionados pola ANPA figuren como **socias** (esta inscrición non se renova automaticamente, así que cómpre facela cada curso escolar e por iso achegamos a correspondente folla de inscrición). A cota é de **25 euros** por ano escolar e familia. O prazo para darse de alta remata ó finalizar o segundo trimestre.
- Recordámosvos que coma sempre, todas as actividades extraescolares rexeranse polo **Regulamento Interno de Actividades Extraescolares**, que atoparedes publicado no apartado da ANPA: *Inscricións e regulamentos* da **web** do Centro <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipemiliogonzalez>. Tamén dispoñedes dunha copia impresa no **taboleiro da ANPA** (ó lado da porta da oficina) ou se o preferides, podémosvos enviar unha copia dixital ao **mail/whatsapp** que nos facilitedes. Todas as familias deberán comprometerse a cumprilo, asinando o parágrafo correspondente na folla de inscrición adxunta.
- Anunciarvos tamén, que **o proceso de inscrición das A.A.E.E. para o curso 2019/20 terá lugar dende o 3 ata o 10 de xuño**. As familias deberedes presentar as follas de inscrición coas vosas eleccións debidamente cubertas. Estas follas deberán ser entregadas directamente na **oficina** da ANPA en horario de 16:30h a 17:45h, **no buzón** da ANPA ou no correo anpabrexolema2013@gmail.com nas datas indicadas.
- O **14 de xuño** publicaranse os **resultados provisionais** das inscricións nas AAEE, tanto nos **taboleiros** (o exterior do Centro e o interior da ANPA) coma na **Web**.
- No caso de que existise unha demanda superior ao número de prazas ofertadas, a selección das persoas participantes efectuarase por **sorteo o xoves 20 de xuño** (ás 16:30h na aula de informática). Por outra banda, se non se acada o mínimo de participantes esixidos, a ANPA terá que retrasar o comezo da actividade para prorrogar o prazo de inscrición e finalmente suspendela se non se consegue cubrir o cupo.
- Tende en conta, que reservarse un 30% porcentaxe das prazas ofertadas destinadas ó alumnado de nova inscrición
- O día **21 de xuño expoñeranse as listaxes** do alumnado admitido no taboleiro de novas do Centro e na páxina web. A partir dese día, as familias interesadas poderán facer as reclamacións oportunas enviando un escrito por vía electrónica no correo anpabrexolema2013@gmail.com
- Para a actividade de **natación**, o transporte ás instalacións realizarase mediante un **servizo de autobús gratuíto**. Lembramos que para manter o servizo, debe haber un mínimo de 10 persoas inscritas que o usen de forma habitual. De haber prazas dispoñibles, os adultos que deben acompañar ós alumnos ata 2º de Ed. Primaria (segundo o rglmto. da piscina), poderán facer uso tamén do transporte gratuíto. Pregámosvos que fagades constar se o precisades só para a ida, ou para ida e volta.
- O prezo mensual de cada actividade extraescolar indícase na folla de inscrición adxunta. En calquera caso, informámosvos de que **as cotas se cobrarán trimestralmente** na conta bancaria que nos indiqüedes, nas seguintes datas:

RECIBO	DATAS	INCLUE
1º	outubro 2019	Cota de soci@ e seguro de accidentes
2º	novembro 2019	Setembro-outubro-novembro-décembro
3º	febreiro 2020	Xaneiro-febreiro-marzo
4º	abril/maio 2020	Abril-maio-xuño

(Lembrede que por cada pago devolto, cobraranse os gastos bancarios xerados)

- Todas as familias socias e/ou usuarias do servizo de comedor escolar, terán que pagar por cada fillo/a unha cota única de carácter anual en concepto de **Seguro Escolar de Accidentes de 7€**.
- Están contempladas as seguintes **reducións no prezo das A.A.E.E.**
 - Se dous irmáns asisten á mesma actividade, a cota para un deles terá unha redución do 30%
 - As familias numerosas contarán cunha redución da cota dun 50% (todos os fillos e fillas), debéndose de presentar o xustificante correspondente xunto coa folla de inscrición

- O alumnado con informe social (outorgado particularmente ás familias por Servizos Sociais no Concello de Cambre), terán unha redución na cota do 100% nunha única actividade.
- A solicitude de **baixa das A.A.E.E realizarase por escrito** dentro dos prazos estipulados que indicamos a continuación:
 - Non se admiten baixas durante o 1º trimestre (agás nos casos excepcionais considerados no Regulamento Interno)
 - A baixa no 2º trimestre, haberá que notificala á ANPA antes do 15 de decembro do 2019
 - A baixa no 3º trimestre, haberá que notificala á ANPA antes do 15 de marzo do 2020
- En todo caso, se existe lista de espera, a ANPA reservarase o dereito de cursar a baixa automática daqueles alumnos/as que teñan 3 faltas consecutivas ou 5 non consecutivas sen xustificación na mesma actividade. Tamén recordamos que se existen débedas pendentes coa ANPA, éstas deberanse resolver para poder acceder as A.A.E.E. do curso 2019/20.
- No caso das **actividades e saídas culturais** (non extraescolares) organizadas pola ANPA, o alumnado socio terá preferencia e gozará dun desconto.

2. SOBRE O SERVIZO DE COMEDOR XESTIONADO POLA ANPA 2019/2020

- As **familias inscritas como socias da ANPA** (usuarias ou non das actividades extraescolares), teñen preferencia de admisión no comedor e incluído na cota o custo da alta no servizo.
- As **familias non inscritas como socias da ANPA**, para darse de alta no servizo de comedor deberán aboar:
 - A alta no servizo de comedor: cun custo de 10€
 - O seguro escolar de accidentes: cun custo de 7€
- O **horario do comedor é de 14:30h a 15:30h** (sen embargo existe unha segunda quenda de recollida ata as 16:20h) O servizo de catering está delegado na empresa **Jardanay, S.L** e deles dependen os xiros dos recibos con carácter mensual en concepto de cobro adiantado que se leva a cabo nos primeiros días do mes vixente (excepto setembro e outubro que será a finais). Por ese motivo, para calquera **modificación, alta ou baixa** do servizo, é necesario notificalo no correo anpabrexolema@gmail.com e cubrir o impreso que vos facilitaremos como máximo **ata o día 25 de cada mes** para que surta efecto na mensuralidade seguinte
- O persoal do comedor que atende o alumnado nas súas necesidades durante as comidas, o aseo e o tempo libre posterior do servizo depende tamén de Jardanay, S.L. Se tivérades **dúbidas ou suxestións**, a ANPA vos atenderá designando unha persoa como interlocutora durante o curso escolar.
- Existen **tres modalidades de servizo**:

MODALIDADE	DÍAS	PREZO	MODO DE PAGO
Fixa	De luns a venres	77,55 €/mes	Banco
Discontinua	4 días	63,65 €/mes	Banco
	3 días	48,22 €/mes	Banco
	2 días	32,32 €/mes	Banco
	1 día	16,26 €/mes	Banco
Esporádica	Días soltos	5,65 €/mes	metálico/vales

*Aplicase un desconto do 10% para irmáns/irmás e o 12% en caso de familia numerosa

- Existen **tres quendas de recollida** posibles que deberedes indicar na folla de inscrición especificando as vosas preferencias para cada día da semana:

QUENDA	HORARIO
Primeira quenda	Entre as 15:25h e as 15:35h
Segunda quenda	Entre as 16:10h e as 16:20h
Activ. extraescolares	Ás 17:45h (se van a piscina os venres no bus ás 19:15h)

- Para solicitar **modificacións** nas modalidades, **baixa** do servizo, avisos de días **extra**, cambios puntuais no **horario** de saída, incluír **persoas autorizadas** para recoller os nenos e nenas... e calquera cousa que necesitedes, **contactade** coa ANPA (con tempo suficiente) no correo anpabrexolema2013@gmail.com
- De cara ó próximo curso escolar 2019/20, as familias deben cubrir **2 follas de inscrición**:
 - **Solicitude de Alta no Servizo de Comedor da ANPA** (para poder acceder ó servizo)
 - **Ficha de alta de Jardanay**. Desde este ano, estas fichas pasarán a ter formato dixital e deberán cubrirse na propia web de Jardanay. Facilitaremos próximamente o usuario e contraseña xenéricos do CEIP e en xeral toda a

ANPA Brexo Lema do CEIP Emilio González López
Rúa Lamelas, 21
15659 Brexo-Lema
Tfí: 881880865
anpabrexolema2013@gmail.com

Subvenciona:



información necesaria para tal fin. Dende a ANPA ofrecerémosvos neste sentido todo o apoio e axuda que necesitedes.

Co presente documento agardamos clarificar as nosas competencias e poñernos a vosa total disposición. Animámosvos a que formedes parte da ANPA mediante a alta como familias socias ou uníndovos ó equipo directivo (se pode facer todo o ano) para participar dun xeito máis activo na educación dos vosos fillos e fillas.

Atentamente. A ANPA

En Brexo-Lema, a 31 de maio de 2019